

## **VILAGARCÍA DE AROUSA**

### **REGULAMENTO DE PREMIOS E DISTINCIÓNS DA POLICÍA LOCAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

#### **P R E Á M B U L O**

A Policía Local de Vilagarcía de Arousa é un Servizo Público Municipal que ten como misión protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades, garantir a seguridade cidadá e contribuír á mellora da convivencia mediante o desempeño das funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente. O Servizo de Policía Local é un dos servizos públicos máis representativos do municipio, pola súa atención permanente á comunidade local, a súa presenza uniformada nas vías e lugares públicos da cidade e a súa implicación nos problemas e conflitos que afectan á convivencia cidadá. Ademais, polo seu carácter de Instituto Armado, así como pola importancia, amplitude e complexidade das súas funcións, presenta importantes peculiaridades con respecto a outros servizos públicos locais, que xustifican un tratamento particular de recoñecemento institucional ao traballo desempeñado polos seus compoñentes, que se pretende abordar neste Regulamento. A regulación autonómica en materia de premios e distincións, aconsella outorgar a estas as distincións do Concello de Vilagarcía de Arousa a maior relevancia institucional a través da súa concesión polo Pleno Municipal, a Xunta de Goberno Local e a Alcaldía - Presidencia da Corporación Municipal; así como concretar os procedementos de proposta e concesión, e garantir unha análise exclusivamente profesional e allea a outros intereses das candidaturas da Policía Local, conforme ás liñas de actuación establecidas polo Estatuto Básico do Empregado Público e a Lexislación autonómica de Coordinación de Policías Locais de Galicia.

A Constitución Española, dentro do espírito descentralizador que a inspira e que recolle o seu título VIII, no seu artigo 148.1.22. A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas promulgada a raíz do mandato constitucional, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas, consonte a mesma lei e a de réxime local, coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial. Con tal motivo promulgouse a Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais de Galicia, que tiña como obxectivo a coordinación das policía locais do seu territorio, nos termos establecidos no artigo 39 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.

De conformidade coas mencionadas disposicións, na Comunidade Autónoma de Galicia promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, que entrou en vigor o 24 de maio de 2007, e que derroga a anterior Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación de policía locais de Galicia. A Lei 4/2007, no seu título III, de coordinación das policía locais, e no artigo 12, dispón que, para os efectos da mesma lei, enténdese por coordinación, o conxunto de técnicas e medidas que posibiliten a unificación dos criterios de organización e actuación, a formación e o perfeccionamento, uniforme do persoal e a homoxeneización dos recursos técnicos e materiais ao seu dispor, así como o establecemento de información recíproca, asesoramento e colaboración. A continuación o artigo 13 establece que, respectando a autonomía local e as competencias estatais en materia de seguridade, a coordinación comprenderá o exercicio de distintas funcións, entre as que se inclúen, determinar normas marco ou criterios xerais aos que se terán que axustar os regulamentos das policía locais de Galicia, fixar criterios básicos de selección, formación, promoción e mobilidade dos membros dos corpos da Policía Local de Galicia, coordinar a formación profesional dos policía a través da Academia Galega de Seguridade Pública, procurar a homoxeneización da estrutura, cadros de persoal e funcionamento das policía locais, así como fixar o réxime xurídico e estatuario. No desenvolvemento desta normativa autonómica, aprobáronse na materia que nos afecta, o decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, no que entre outras cuestións no seu Título IV, "Do Réxime Estatutario", Capítulo III, recolle as "Distincións e Recompensas" e concretamente no artigo 126, di "Os regulamentos específicos dos corpos de policía locais poden establecer un réxime de outorgamento de distincións e recompensas aos seus membros nos supostos e circunstancias que neles se determine"

Ao abeiro da anterior normativa e coa finalidade de recoñecer o esforzado traballo dos membros da Policía Local de Vilagarcía, así como de aquelas persoas ou entidades que colaboran coa mesma na consecución dun concello mais seguro, ditase a seguinte ordenanza.

**TÍTULO I, DISTINCIÓNS E RECOMPENSAS***Capítulo I, Disposicións Xerais***ARTIGO 1.—CREACIÓN E MODALIDADES.**

Coa finalidade de premiar e distinguir publicamente aos policía locais de Vilagarcía de Arousa e aos/ás auxiliares do corpo de policía local, por feitos excepcionais ou de particular relevancia, así como a aquelas persoas ou entidades públicas e privadas que destaquen pola súa conduta a prol da policía local e das súas competencias, créanse as seguintes modalidades de distincións e recompensas do Concello de Vilagarcía de Arousa:

**D I S T I N C I Ó N S :**

As Distincións por méritos e servizos da Policía Local de Vilagarcía son de dúas clases: Grazas e Mencións de Honra. A concesión dunhas e doutras axustaranse aos preceptos deste Regulamento.

As Grazas poderán ser Felicitación Pública e Mención de Honra:

- Cada dúas felicitacións públicas, outorgarase unha mención de honra, no prazo de un ano.
- A concesión de tres mencións de honra levarán aparellada o recoñecemento dunha Medalla ao Mérito Policial con distintivo branco.

**R E C O M P E N S A S :**

Enténdese por recompensa a concesión de calquera das condecoracións propias da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, contempladas e autorizadas neste regulamento.

As condecoracións que como recompensas pode outorgar o Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, divídense en tres clases:

1) **Recompensas Honoríficas:** Son aquelas que poden concederse a toda persoa ou colectivo que realice actos meritorios a prol da seguridade cidadá, que realice actos meritorios de carácter cívico ou humanitario a favor da cidadanía deste Concello ou que se distinga pola súa probada colaboración coas forzas de seguridade deste municipio ou das Forzas de Seguridade en xeral. Son recompensas Honoríficas as:

Medallas da Policía Local, con dúas categorías:

- a. — Medalla de Ouro da Policía Local.
- b. — Medalla de Prata da Policía Local.

2) **Recompensas de Mérito Profesional:** son aquelas que só se poden conceder ao persoal das Policía Locais e Forzas de Seguridade ou Armadas.

Son recompensas de Mérito Profesional as seguintes:

Medalla ao Mérito da Policía Local con dúas categorías

- 1- Medalla ao Mérito Policial con distintivo vermello
- 2- Medalla ao Mérito Policial con distintivo branco

3) **Recompensas de Dedicación e Constancia no servizo Policial:** son aquelas que só se poden conceder ao persoal da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, para recoñecer unha vida profesional meritória.

As recompensas de Dedicación e Constancia no servizo Policial son de tres categorías:

- Medalla á Constancia Policial
- Encomenda á Constancia Policial
- Placa á Constancia Policial

Os Policía Locais de Vilagarcía de Arousa tamén poderán ser premiados coas que poidan conceder outras entidades oficiais ou particulares por méritos contraídos.

O goberno local poderá facer, a proposta da xefatura do corpo ou de oficio, solicitude e proposta ao Goberno do Estado ou da Comunidade Autónoma Galega para a concesión de condecoracións das citadas administracións que premien o labor dos funcionarios policiais.

*ARTIGO 2.—DOS MÉRITOS PARA A SÚA CONCESIÓN.**a.—Medalla de Ouro da Policía Local*

A Medalla de Ouro da Policía Local, destinarase a distinguir a título individual ou colectivo a todas aquelas persoas ou entidades, que destacaron de xeito relevante polo seu notorio traballo humanitario, a súa contribución á dignificación, prestixio e recoñecemento público da Policía, así como na defensa e promoción dos dereitos e liberdades públicas e da seguridade cidadá, por mor de estímulos cidadáns que practiquen actos de relevante importancia nas circunstancias na que a lei chama a todo cidadán a intervir na defensa e apoio da orde, da propiedade e das persoas, durante una traxectoria prolongada no tempo.

*b.—Medalla de Prata da Policía Local*

A Medalla de Prata da Policía Local, destinarase a distinguir a título individual ou colectivo a todas aquelas persoas ou entidades, que destacaron de xeito relevante polo seu notorio traballo humanitario, a súa contribución á dignificación, prestixio e recoñecemento público da Policía, así como na defensa e promoción dos dereitos e liberdades públicas de seguridade cidadá, por mor de estímulos cidadáns que practiquen actos de relevante importancia nas circunstancias na que a lei chama a todo cidadán a intervir na defensa e apoio da orde, da propiedade e das persoas, por feitos concretos e relevantes.

*c.—Medalla ao Mérito Policial con distintivo vermello:*

Destinarase a distinguir aos/ás funcionarios/as nos que concorran os seguintes méritos:

1) Por ter intervido nun acto de servizo con resultado de morte, no exercicio do seu traballo sempre que non se teña producido por negligencia, impericia ou accidente e non afecte negativamente ao prestixio do corpo de Policía Local.

Será imposta o cónxuxe supervivente ou os herdeiros lexítimos.

2) Como consecuencia dun acto de servizo con resultado de mutilación ou feridas graves que deriven nunha incapacidade total ou parcial, para o servizo policial e coas condicións enumeradas no apartado “a”, sempre que non se teña producido por negligencia, impericia ou accidente e non afecte negativamente ao prestixio do corpo de Policía Local.

3) Ter una actuación exemplar e extraordinaria que represente un gran risco e especial fidelidade no cumprimento de servizos encomendados de notable importancia, da que se derive recoñecido prestixio para o Corpo de Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

*d.—Medalla ao Mérito Policial con distintivo branco*

A medalla ao Mérito Policial con distintivo branco destinarase a distinguir aos/ás funcionarios/as nos que concorran os seguintes méritos:

1.—Intervir en actos en defensa e protección dos intereses que teñan encomendados e que poñan de manifesto calidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, e dos cales derive risco grave para a súa persoa, con independencia do resultado producido.

2.—Participar en tres ou mais servizos nos que mediara agresión con armas ou outros medios perigosos, que entrañen risco grave para a súa persoa, demostrando valor, capacidade e eficacia nas actuacións.

3.—Dirixir ou executar con éxito un servizo no que pola súa especial e extraordinaria dificultade ou importancia se evidencian importantes calidades profesionais ou cívicas.

4.—Sobresaír con notoriedade e perseveranza no cumprimento dos deberes do seu cargo, que constituía unha conduta exemplar e prolongada no tempo, para dignificación, prestixio e recoñecemento público da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, así como na súa misión de defensa, promoción e protección das liberdades públicas na vila.

5.—Realizar estudos profesionais, científicos, históricos ou de outro tipo de utilidade ou carácter policial, que comporten prestixio para o Corpo de Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

A concesión das medallas ao Mérito Policial con distintivo branco, poderán ser outorgadas cos requisitos antes citados, a un grupo ou equipo de traballo.

*e.—Recompensa á Constancia e Dedicación ao Servizo Policial:*

As Recompensas á Constancia e Dedicación ao Servizo Policial poderán outorgarse aos funcionarios do Corpo da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, en recoñecemento á súa traxectoria profesional, cando cumpran os seguintes requisitos.

1.—Cumprir o prazo de tempo no servizo activo que se teña determinado segundo as diversas categorías.

2.—Permanecer en servizo activo no momento de cumprir o tempo de servizo.

3.—Non estar incurso na incoación dun expediente disciplinario por falta leve ou no ter cancelado o devandito expediente, non ter sido sancionado por expediente disciplinario ou xudicial, por falta grave ou moi grave, ou por delito doloso.

Esta Recompensa terá tres categorías:

- Medalla á Constancia e Dedicación Policial: aos 20 anos de servizo
- Encomenda á Constancia e Dedicación Policial :aos 30 anos de servizo
- Placa á Constancia e Dedicación Policial:aos 35 anos de servizo

*f.—Das Felicitacións Públicas e das Mencións de Honra*

As Felicitacións Públicas: Serán concedidas polo/a Xefe/a do Corpo da Policía Local, por traballos ou intervencións destacadas, concretas, ben de oficio ou por solicitude de persoas ou entidades.

As Mencións de Honra: Serán concedidas polo/a Alcalde/sa Presidente/a do Concello de Vilagarcía de Arousa, a proposta da xefatura do corpo ou de oficio, nos seguintes casos e sempre que estes non leven carreados a concesión de calquera das condecoracións do presente regulamento:

1.—Dirixir ou executar con éxito un servizo no que pola súa especial e extraordinaria dificultade ou importancia se evidencian importantes calidades profesionais ou cívicas.

2.—Sobresaír con notoriedade e perseveranza no cumprimento dos deberes do seu cargo, que constituía unha conduta exemplar e prolongada no tempo, para dignificación, prestixio e recoñecemento público da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, así como na súa misión de defensa, promoción e protección das liberdades públicas na vila.

3.—Realizar estudos profesionais, científicos, históricos ou de outro tipo de utilidade ou carácter policial, que comporten prestixio para o Corpo de Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

g.—Para a concesión de calquera das recompensas recollidas neste regulamento, deberá acreditarse, por parte do proposto, no ter antecedentes penais sen cancelar, e ademais, no caso de ser funcionarios públicos, acreditar non ter expedientes administrativos abertos ou sancións por faltas graves ou moi graves sen cancelar.

**ARTIGO 3. DAS COTAS DAS CONCESIÓNS DE RECOMPENSAS E DISTINCIÓNS:**

As Felicitacións un máximo de dez cada ano.

As Mencións de Honra como máximo tres ao ano.

A Medalla da Policía Local, nas súas dúas categorías, e a Medalla ao Mérito Policial con distintivo vermello, concederanse anualmente no número adecuado en función das persoas que polos feitos extraordinarios se fagan delas merecedoras.

A Medalla o Mérito Policial con distintivo branco concederanse anualmente, como máximo, a tres membros dos corpos de forzas de seguridade.

A Medalla da Constancia no Servizo Policial, concederanse a todos os policías locais de Vilagarcía de Arousa que teñan cumpridos os 20 anos de servizo no ano anterior ao da súa concesión.

A Encomenda da Constancia no Servizo Policial, concederanse a todos os policías locais de Vilagarcía de Arousa que teñan cumpridos os 30 anos de servizo no ano anterior ao da súa concesión.

A Placa da Constancia no Servizo Policial, concederase a todos os policías locais de Vilagarcía de Arousa que teñan cumpridos os 35 anos de servizo no ano anterior ao da súa concesión.

#### ARTIGO 4- PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE DISTINCIÓNS

- a. A concesión de calquera dos recoñecementos establecidos neste regulamento terá carácter formal e realizarase coa tramitación administrativa que en cada caso corresponda, revestindo a seguinte forma, segundo os casos:

Felicitacións Públicas.

- b. As Felicitacións Públicas concederanse de forma discrecional mediante resolución motivada do/a xefe/a do corpo, tanto a membros da Policía Local e Auxiliares de Policía como a persoas alleas aos corpos de policía local, ou entidades públicas ou privadas que desde a súa actividade profesional ou docente destaquen no estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da policía local en Vilagarcía de Arousa.

O número máximo de felicitacións públicas que se concederán cada anualidade será de dez.

- c. As Mencións de Honra concederanse mediante resolución motivada do/a alcalde/sa, e aprobada na Xunta de Goberno Local, tanto a membros da Policía Local e Auxiliares de Policía como a persoas alleas os corpos de Policía Local, ou entidades públicas ou privadas que desde a súa actividade profesional ou docente destaquen no estudo, promoción, dignificación, colaboración e apoio á función da Policía Local en Vilagarcía de Arousa. Que teñan unha especial importancia e que non estean encadrados nos apartados establecidos para as recompensas.

O número máximo de Mencións de Honra que se concederán cada anualidade será de tres.

#### ARTIGO 5.—PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE RECOMPENSAS

Proposta inicial:

- 1.—Recompensas á Constancia e Dedicación o Servizo Policial.

Este procedemento poderá iniciarse en calquera data.

O procedemento iniciarase a proposta do/a xefe/a da Policía Local, que solicitará da Secretaría Xeral do Concello, certificación de que os membros da Policía Local que correspondan, teñen cumpridos os anos de servizo necesarios en cada caso, e que non constan no seus expedientes, anotacións, de acordo co disposto no artigo 2 apartado e) deste regulamento. A proposta elevarase ao Alcalde/sa, que resolverá a concesión se procede.

- 2.—As distincións:

O proceso iniciarase a proposta do/a Xefe/a da Policía Local que poderá ter en conta as felicitacións de particulares e asociacións, así como a petición dos membros do Corpo, con informe positivo dos mandos respectivos. A proposta motivada elevarase ao/á Alcalde/sa, que poderá requirir informes e finalmente resolverá ou no seu caso delegara na Xunta de Goberno Local.

- 3.—Recompensas Honoríficas e O Mérito Profesional.

O proceso iniciarase a proposta do/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a delegado/a ou Xefe/a de Policía. As propostas motivadas en todo caso elevaranse ao/á Alcalde/sa, quen dará traslado á Xunta de Goberno Local, que poderá pedir novos informes, antes de resolver de acordo cos criterios desta ordenanza.

4.—As propostas para as Medallas de Honra e do Mérito Profesional, serán realizadas no primeiro trimestre do ano e resolveranse no prazo de 30 días

5.—En todo caso para a concesión de calquera das recompensas recollidas no presente regulamento, o proposto para elas, deberá autorizar o acceso o “Rexistro Central de Penados e Rebeldes do Ministerio de Xustiza.

#### ARTIGO 6.—CONCESIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez aprobada a concesión polo órgano competente, O/A Alcalde/sa, firmará a concesión da recompensa.

O/A secretario/a do concello disporá o necesario para que a concesión sexa publicada no Diario Oficial de Galicia e sexa anotada no expediente particular do funcionario. Nos casos de urxencia, a publicación poderá efectuarse con posterioridade a imposición. As Distincións no serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, as distincións, só se publicarán no taboleiro de anuncios do concello

#### ARTIGO 7.—IMPOSICIÓN E REXISTRO

O acto de imposición revestirá a maior solemnidade e sempre que sexa posible procurárase facelo en datas de particular tradición no corpo, salvo que razóns de oportunidade e urxencia aconsellen outra data.

Durante o acto darase lectura ao acordo da concesión e no caso das Medallas de Ouro, Prata, Mérito Policial ou Constancia no Servizo, o servizo de protocolo do concello, fixará as normas para o desenvolvemento do acto de acordo coas especias características do Corpo da Policía Local.

O acto ou cerimonia no que se vaia a impoñer unha nova condecoración, o agraciado debe acudir sen ostentar ningunha das condecoración que xa tivera, co obxecto de realzar a solemnidade do momento e mostrar publicamente o respecto que merece a nova condecoración que se lle impón.

A/O Secretaria/o do Concello de Vilagarcía de Arousa levará un rexistro das distincións e recompensas outorgadas, onde constarán os datos relativos ás persoas ou entidades compoñentes da mesma, categoría concedida, data de concesión e numero de expediente. Na dependencias da policía local establecerase un rexistro das mesmas, sen prexuízo, do rexistro nos expedientes persoais dos funcionarios distinguidos ou condecorados, da Secretaría do Concello de Vilagarcía de Arousa.

#### ARTIGO 8.—DEREITOS E USO:

1.—As distincións creadas por este regulamento teñen carácter vitalicio, sen prexuízo da posibilidade da súa perda nos supostos previstos no réxime disciplinario, e outórganse unicamente para os efectos honoríficos, sen que derive prestación económica en ningún caso.

2.—Respecto á promoción profesional, os/as funcionarios/as dos corpos das policía locais distinguidos, terán dereito a que tal distinción figure no seu expediente persoal e que poida valorarse como mérito nos concursos de provisión de postos de traballo. Tamén poderán terse en conta nos procesos de provisión polo sistema de libre designación.

3.—As condecoracións da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa poderán usarse sobre os uniformes regulamentarios da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, de outros corpos policiais así como dos uniformes das forzas armadas, dos corpos diplomáticos, consulares e demais corpos civís do estado das comunidades autónomas e entidades locais, de acordo co disposto nas normas dos respectivos organismos.

As medallas e pasadores iran postas no lado esquerdo da prenda da uniformidade, por enriba do peto, ou da zona do peito.

A encomenda, irá posta no colo da camisa, colocando a súa cinta por dentro do camiseiro deixando ver só a medalla por enriba da gravata.

A placa irá posta sobre o peto esquerdo por debaixo do peito.

O uso de condecoracións no uniforme regulamentario da Policía Local de Vilagarcía de Arousa, realizarase de acordo co seguinte:

- a) Pasador da medalla para o uniforme de diario (potestativo)
- b) Pasador da medalla para o uniforme de representación ou de gala en cerimonias alleas á policía local.
- c) Medalla a tamaño natural no uniforme de gala, o día da policía, o 24 de maio, o día da Comunidade Autónoma, (25 de xullo), o día do Concello, (22 de maio), o día da Hispanidade, (12 de outubro) e o día da Constitución,(día 6 de decembro), e cando o protocolo así o esixa.
- d) Medalla a tamaño miniatura para o uniforme de gran gala ou etiqueta civil ou policial, nos actos que se esixa uniforme ou vestimenta de etiqueta.
- f) Miniatura de solapa para traxes civís

Poderán autorizarse pola Alcaldía o uso no uniforme regulamentario, das condecoracións ou cursos oficiais que sendo outorgadas oficialmente por outros organismos, seguindo as mesmas normas de uso que para as propias do corpo.

Así mesmo autorízase o uso das recompensas noutros uniformes das forzas de seguridade, das forzas armadas seguindo as condicións de uso que regulamentariamente determine cada corpo, ou organismo, así como na indumentaria civil en actos solemnes.

#### ARTIGO 9.—PERDA DE CONDECORACIÓNS E DEREITOS:

1. O persoal funcionario dos corpos de policía local de Galicia, que por sentenza ou resolución administrativa firmes, resulten separados do servizo ou suspendidos por tres ou máis anos serán dados de baixa na distinción outorgada e perderán todos os dereitos e honores que tivera concedidas e aos que se refiren os artigos anteriores.

2. Para tal fin, o/a Xefe/a da Policía Local, cando teña constancia de que exista persoal funcionario afectado polas circunstancias descritas, veranse obrigados a poñer en coñecemento da Alcaldía, os extremos de condena ou sanción sinalados no parágrafo anterior.

Para estes efectos instruirase un procedemento iniciado de oficio co informe anterior, que se substanciará de igual forma que o procedemento de concesión, dando audiencia ás persoas afectadas e ao concello ao que pertenza.

3. A mesma unidade directiva instruirá, iniciado de oficio, o procedemento establecido no punto 2º deste artigo, nos casos en que as persoas distinguidas sexan persoas ou entidades públicas ou privadas non pertencentes aos corpos da Policía Local, que coas súas condutas ou actuacións desmerezan da natureza, sentido ou alcance da pertenza a ela.

O prazo máximo de resolución deste procedemento será de seis meses, producindo a falta de resolución expresa para os efectos previstos no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### ARTIGO 10.—BAREMOS DE MÉRITOS DAS RECOMPENSAS

Co fin de axustar os baremos de méritos para a promoción interna, defínense os mesmos para as valoracións das recompensas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

Pola Medalla ao Mérito Policial distintivo vermello . . . . .	0.25 puntos
Pola Medalla ao Mérito Policial distintivo branco. . . . .	0.20 puntos
Pola Medalla á Constancia de 1ª clase . . . . .	0.15 puntos
Pola Medalla á Constancia de 2ª clase . . . . .	0.10 puntos
Pola medalla á Constancia de 3ª clase . . . . .	0.05 puntos
Por cada Mención de Honra. . . . .	0.10 puntos
Por cada Felicitación Pública . . . . .	0.05 puntos

*ARTIGO 11.—ORDE DE PRECEDENCIA:*

A orden de colocación sobre o uniforme das condecoracións e pasadores correspondentes ás modalidades das recompensas da Policía Local de Vilagarcía de Arousa será o seguinte.

- 1.—Medalla de Ouro da Policía Local
- 2.—Medalla de Prata da Policía Local
- 3.—Medalla ao Mérito da Policía Local con distintivo vermello
- 4.—Medalla ao Mérito da Policía Local con distintivo branco
- 5.—Placa á Constancia e Dedicación ao Servizo Policial
- 6.—Encomenda á Constancia e Dedicación ao Servizo Policial
- 7.—Medalla á Constancia e Dedicación ao Servizo Policial

Se o funcionario tivera no seu poder outras condecoracións concedidas e autorizadas ao seu uso polo/a Alcalde/sa-Presidente/a do Concello de Vilagarcía de Arousa a orde de precedencia será a establecida a continuación e subsidiariamente na lexislación vixente sobre o uso de condecoracións do Ministerio de Asuntos Exteriores, seguinte:

- 1.—O grupo das condecoracións do Estado.
- 2.—O grupo das condecoracións da Comunidade Autónoma.
- 3.—O grupo das condecoracións do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- 4.—O grupo das condecoracións doutros concellos,
- 5.—O grupo de asociacións ou entidades de carácter nacional
- 6.—O grupo das concedidas por outros países

Todas elas, seguindo a súa propia orde de precedencia, segundo a normativa que as regule.

*ARTIGO 12.—NÚMERO MÁXIMO DE CONDECORACIÓNS*

- a.—Condecoracións que colgan de cinta.

Serán levadas nunha ou dúas filas, de a catro. A partir da novena condecoración poderase ir superpoñendo ata un máximo de catorce. Segundo a descrición do Anexo III.

- b.—Condecoracións en pasador.

O número máximo de pasadores de condecoracións que se poden colocar irá en función da capacidade física da prenda de uniformidade sobre a que se ostentan e sempre en filas de a catro. Segundo a descrición do Anexo III.

- c.—Condecoracións que colgan do colo, (Encomendas), so se portará unha.

- d.—Placas, ata un número máximo de catro. Segundo a descrición do Anexo III.

## A N E X O I

*DESCRIPCIÓN DAS CONDECORACIÓNS:*

As características das diferentes categorías, de acordo cos deseños que figuran nos anexos, serán as seguintes:

*Medalla de Ouro da Policía Local*

Será de metal dourado, terá forma circular, de corenta milímetros de diámetro e colgará dunha cinta de 50 mm de longo por 30 milímetros de ancho coas cores da bandeira de Vilagarcía de Arousa, coa seguinte disposición, de cor amarela, con dúas franxas de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta. No interior da medalla levará a imaxe do patrón da Policía Local, Os Anxos Custodios, por debaixo deste a lenda “AO MÉRITO”; Ao pe da lenda levará o escudo do Concello de Vilagarcía de Arousa, da cor do metal principal.



Pasador: O pasador desta medalla constará de cinta de cor amarela de 30 mm, con dúas franxas de 10 mm de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta, no centro desta levará dúas ramas de palma.

#### *Medalla de Prata da Policía Local*

Será de metal prateado, terá forma circular, dun diámetro de corenta milímetros e colgará dunha cinta de 50 mm de longo por 30 milímetros de ancho de cor amarela, con dúas franxas de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta. No interior da medalla levará a imaxe do patrón da Policía Local, Os Anxos Custodios, por debaixo deste a lenda “AO MERITO”; Ao pe da lenda levará o escudo do concello de Vilagarcía de Arousa, a cor do metal principal.

Pasador: O pasador desta medalla constará de cinta de cor amarela de 30 mm, con dúas franxas de 10 mm de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta.

#### *Medalla ao Mérito Policial con distintivo vermello*

Sobre a descrición da medalla ao Mérito Policial con distintivo vermello terá as seguintes peculiaridades

Será de metal dourado, en forma de cruz de brazos rectangulares, de dez milímetros de base por 15 mm de altura recheos de esmalte vermello. Colgará dunha cinta de 50 mm de longo por 30 milímetros de ancho de cor amarela, con dúas franxas de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta. Levará sobre o brazo superior, tamén en metal dourado, una chapa de catro por trece milímetros gravada a data de concesión, que servirá de soporte ao anel dourado para a súa unión coa cinta. No centro levará un círculo de cor branca fileteado en ouro, e dentro deste nas súas cores o escudo do Concello de Vilagarcía de Arousa. A lonxitude total da medalla co anel será de cincuenta e cinco milímetros.

Pasador: O pasador desta medalla constará de cinta de cor amarela de 30 mm, con dúas franxas de 10 mm de cor vermella situadas a 2 mm do bordo da cinta, no centro desta levará a Cruz de Santiago en ouro.

#### *Medalla ao Mérito Policial con distintivo branco*

Sobre a descrición da medalla ao mérito policial con distintivo branco terá as seguintes peculiaridades:

Será de metal dourado, en forma de cruz de brazos rectangulares, de dez milímetros de base por 15 mm de altura recheos de esmalte branco. Colgará dunha cinta de 50 mm de longo por 30 milímetros de ancho de cor azul mariño, con dúas franxas de 5 mm de cor branco situadas a 5 mm do bordo da cinta, no centro destas levará unha franxa dourada de 2 mm. Levará sobre o brazo superior, tamén en metal dourado, una chapa de catro por trece milímetros gravada a data de concesión, que servirá de soporte ao anel dourado para a súa unión coa cinta, No centro levará un círculo de cor branca fileteado en ouro, e dentro deste as súas cores o escudo do Concello de Vilagarcía de Arousa. A lonxitude total da medalla co anel será de cincuenta e cinco milímetros

*Pasador.*—O pasador desta medalla constará de cinta, que será de 30 milímetros de ancho, de cor azul mariño, con dúas franxas de 5 mm de cor branca situadas a 5 mm do bordo da cinta, no centro destas levará unha franxa dourada de 2 mm

#### *Medalla á Constancia Policial dos XX anos de servizo:*

a.—Estará formada por unha cruz de catro brazos en forma de triángulos isósceles de 20 mm de base por 20 de altura, unidos no seu vértice, recheas de esmalte de cor branca e fileteados os seus bordos en escamas de ouro, no centro levará unha coroa circular de cor branca, e no seu interior a lenda “DEDICACIÓN E CONSTANCIA POLICIAL” no interior da coroa circular irá circunscrito un círculo de cor azul intenso e no seu interior o escudo do Concello de Vilagarcía de Arousa. Pegado ao brazo superior irá a coroa real de ouro, de quince milímetros de alto por vinte e dous de ancho, á que se articula un anel do mesmo metal, dun milímetro de ancho e quince milímetros de diámetro, paralela á súa unión coa cinta.

b. – A medalla irá pendurada dunha cinta, que será de trinta milímetros de ancho, divididas en tres partes iguais en sentido lonxitudinal, de cores azul, branca e azul. A súa lonxitude será tamén de cincuenta milímetros e levará suxeita por unha fibela dourada de forma e dimensións proporcionais e usuais para esta clase de condecoracións.

c. – Pasador: O pasador desta medalla constará de cinta de cor azul mariño de 30 mm, con unha franxa de 10 mm de cor branco no medio. No centro. Apegado a ela, levará en números romanos a lenda “XX” en prata.

*Encomenda a Constancia Policial dos XXX anos de servizo:*

a. – Terá as mesmas características que a anterior, coas seguintes diferenzas. Levarase colgada en forma de gravata con cinta do mesmo color que a medalla. De 30 mm de ancho e 27 de longo, á que se lle engade unha cinta de 10 mm de ancho e 10 de longo a cada lado da cinta principal, para poder anoarse na parte traseira do colo.

b. – Pasador: O pasador desta medalla constará de cinta de cor azul mariño de 30 mm, con unha franxa de 10 mm de cor branco no medio. No centro. Apegado a ela, levará en números romanos a lenda “XXX”, en ouro.

*Placa a Constancia Policial:*

Estará composta da cruz da medalla da constancia e o servizo policial, nas súas cores, no centro da placa coas características seguintes:

A cruz acolada, apégase a unha placa en forma de estrela de 8 puntas, de aparencia lisa, e de uns 50 milímetros (+– 1 mm) entre os extremos opostos das puntas, que se manifesta en forma plana e de cor prateada. Arredor dela e centrada sobre a súas puntas desprégase outra placa en forma igualmente de estrela de oito puntas, biselada e acanalada, con seis puntas entre cada unha de elas de menor tamaño e por cada lado da estrela, dando a sensación de perspectiva nun só corpo con tres capas superpostas e soldadas entre si, ata unha dimensión máxima entre puntas opostas de 70 milímetros, e todo elo de cor prateado. Ambas estrelas preséntanse en baño electrolítico de prata.

No reverso contén ademais un alfinete (tipo imperdible) e dous ganchos que permiten prendelo na pecheira do uniforme.

O tamaño total da placa medido entre as puntas opostas da estrela exterior será de setenta (70) milímetros, en todas as diagonais.

b. – *Pasador.* – O pasador desta medalla constará de cinta de cor azul mariño de 30 mm, con unha franxa de 10 mm de cor branca no medio. No centro. Apegado a ela, levará en números romanos a lenda “XXXV”, en ouro.

As miniaturas de todas as medallas, consistirán unha reprodución das medalla que corresponda a un tamaño máximo de quince milímetros, pendentos de cinta coas cores de cada medalla de 10 mm de ancho.

As miniaturas de solapa de todas as medallas, consistirán nunha reprodución das medallas que correspondan a un tamaño máximo de quince milímetros.

Cédulas de concesión: Serán entregados no mesmo acto o con posterioridade á imposición, asinadas polo/a Alcalde/esa- Presidente/a e o/a Secretario/a da Corporación. Descríbense no anexo II da presente. Na parte traseira levará o asentamento do/a Secretario/a do Concello de Vilagarcía de Arousa, no libro de rexistro de condecoracións.